

PRESENTACIÓN

A cultura de vilas e pobos defínese no devir do tempo grazas ás vivenzas e faceres das súas xentes e a relación que establecen co medio natural do que disfrutan.

Regatos, ríos e fontes agasallan os seus caudais ao Río Landro, quen se abre ao mar Cantábrico facendo espectadora á vila de Viveiro da maxestuosa ría. Algo que sen dúbida algunha labrou a cultura e identidade de Viveiro e os seus habitantes.

Vivimos tempos nos que semella que a globalización apoderouse do recuncho máis insignificante e o privou da súa propia identidade e da transmisión de xeración a xeración. É por isto que compre artellar ideas, proxectos e accións que nos acheguen á nosa identidade e nos faga disfrutar con honestidade, respecto e tolerancia dos nosos vecinos e do lugar onde vivimos.

Vivemar é un proxecto sociocultural diverso de promoción e divulgación do coñecemento e valores do mar e dos ríos de Viveiro.

Vivemar plantexase **para convidar á participación cidadá** nunha ampla diversidade de actividades de achegamento a maiores e pequenos , á vez que pretende ser un contido turístico máis da Vila.

Será durante o mes de Setembro 2018 cando disfrutar de diversas actividades

- Exposicións
- Xornadas Gastronómicas
- Debates e coloquios técnico públicos
- Activides de participación cidadá
- Mercado temático plural
- Mercadiño infantil
- Música
- Xogos populares
- Poesía
- Obradoiros de creatividade
- Cociñados en vivo
- Presentacións
- Proxeccións audiovisuais

EXPOSICIÓN DIDÁCTICAS

As exposicións están artelladas cun dobre cometido, por un lado que sirvan para visitar por viveirenses e visitantes pero sobre todo están enfocadas a chamar a atención dos centros educativos do Concello e que co comezo de curso podan visitar as exposicións e así achegarlles a cultura marítima e fluvial aos máis pequenos da cidade.

Do 1 ao 30 de SETEMBRO

- **EXPOSICIÓN DE ARTES E APARELLOS DE PESCA**

Inauguración sábado 1 de setembro ás 20:00h na sala de exposicións da Biblioteca Municipal, coa presenza da alcaldesa María Loureiro, o concelleiro do Mar Jesús Fernández e a colaboración especial do patrón Antonio Manuel Fernandez Fernandez

Horario de visita: de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:00h de luns a sábado

do 3 ao 30 de SETEMBRO

- **EXPOSICIÓN DE MAQUETAS DE EMBARCACIÓNS MARIÑEIRAS**

Inauguración luns 3 de setembro ás 20:30h na sala de exposicións do Conservatorio, das obras de modelaxe naval realizadas por Severino Balseiro veciño de Celeiro e outros compañeiros da Asociación de Modelismo Naval e Radio Control.

Horario de visita: de 17:00 a 21:00 de luns a sábado

No devir da exposición celebraranse diversas actividades nas que os protagonistas serán os patróns dos barcos da flota de Celeiro. Representados en maqueta por Severino.

O sábado 8 de setembro ás 18:30 horas será Juan Pena Candia, patrón do Siempre David, representado na maqueta de nome CHOPI.

E ao longo do mes tamén compartirán con nos as súas experiencias nos barcos, o capitán Pino para falar da embarcación Pino Ladra. Santiago Arrizado falaranos do que é patrón, o Mariscador.

Do 5 ao 30 de SETEMBRO

- **EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA DE CULTURA MARÍTIMA**

Presentación mércores 5 de setembro ás 20:30h na sala multiusos da Casa do Concello, onde contaremos coa colaboración especial do cronista oficial de Viveiro Carlos Nuevo Cal.

Horario de visita: de 10:00 a 14:00h e de 16:00 a 21:00h de luns a sábado

SÁBADO 8 DE SETEMBRO ás 18:30 horas será Juan Pena Candia, patrón do Sempre David, representado na maqueta de nome CHOPÍ na Exposición de maquetas de embarcacións mariñeiras sita no Conservatorio.

VENRES 14 de SETEMBRO ás 09:30horas

- **XORNADA DE FORMACIÓN DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE COÑECEMENTOS, DIVULGACIÓN, CONCIENCIACIÓN DO SECTOR MARISQUEIROS DE GALICIA PARA PEQUENOS AUTÓNOMOS DO MAR**

Financiada pola Deputación de Lugo e organizada por UNIATRAMC Galicia

do 20 ao 23 de SETEMBRO e do 27 ao 30 de SETEMBRO

➤ **VIVEMAR PETISCO**

A gastronomía é parte fundamental de toda cultura, é por isto que disfrutaremos de petiscos mariñeiros na hostelería local.

Hosteleiros **do Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro, Hostelería de Celeiro e a Asociación Beiras de Viveiro** xa deseñaron os seus petiscos mariñeiros.

Para ser a primeira edición do Vivemar a resposta por parte dos hosteleiros foi moi boa.

Un total de **25 locais** ofrecerán os produtos mariñeiros chegados ao Porto de Celeiro.

ARUME GASTROBAR / GASTROBAR HOTEL URBAN VIVEIRO / ASADOR LA QUINTA / RESTAURANTE CASA PEPI / BAR NORMANDI / GASTRO-BAR LOS LEONES / ABADIA CERVEXERÍA / RESTAURANTE O MURO / LA NUEVA FONTANA BAR / CORNELIUS TABERNA GASTRONÓMICA / TIKI BAR BORA BORA / DÉKADA / AS TIXOLAS / GALIPIZZA / TEMPLE BAR / A GRUTA BAR / PIZZERÍA CERVEXERÍA SIXTIES / CERVEXERÍA NAUTAE / AQUITANIA VINOTECA / O MESÓN / BAR ROLINDES / BAR CELEIRIÑO / O RANCHO / CHIRINGUITO / O PUNTAL

No cultural **cada petisco** será a base dunha papeleta coa cronobiografía de **persoeiros de Viveiro** ou outros hitos destacados que de algún xeito están vencellados ao mundo do mar.

Como **complemento** a facilitar e apostar por esta nova iniciativa, poñeráse a disposición **o Vivertren**. Así os visitantes ou veciños poderán facer uso del para moverse petiscando de Celeiro a Viveiro e a Covas.

XOVES 27 de SETEMBRO

- **Debate sobre AS CONSCUENCIAS DO PLÁSTICO NO MAR. Medidas de prevención, planeamento de intervencións.**

Participan: **Gabriele Frein Von Hundelhausen**. Técnica de Medio ambiente, na Aula da natureza da Siradella, O Grove. Concelleira de Medio ambiente no Concello da Illa de Arousa. Activista alemana-galega a favor do medio natural. E **Óscar García**, sufer, fundador da iniciativa medio ambiental Coge3, e presidente do clube Augassantas.

Presentación da revista **NOVA ARDENTÍA. Da cultura marítima e fluvial.**

Participan: **Emilio Ínsua**, coordinador do Consello de Redacción da revista

Modera: Antón Mascato, editor.

SALA MULTIUSOS CASA DO CONCELLO

Horario: 19:00-20:30 h

VENRES 28 de SETEMBRO

- **Debate e mesa redonda sobre A RESTAURACIÓN DA RÍA DE VIVEIRO**

Participan: **EMilio Carral da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría** e responsable do Departamento de Bioloxía Funcional. **Antón López**, arqueólogo subacuático y director del equipo científico del Noroeste de Fedas y del área de patrimonio de esta entidad para Galicia, Cantabria y Asturias. **José Javier Pernas Verdugo**. Jefe de la Sección de Formación del Instituto Gallego de Seguridad y Salud Laboral en Lugo e comprometido activamente coa conservación medioambiental da ría. **Carlos Nuevo Cal** cronista oficial de Viveiro para ilustrar posibles referentes históricos que podrían ser motivo de inspiración en la restauración por acometer.

SALA MULTIUSOS CASA DO CONCELLO

Horario: 19:00-20:30 h

- **CANTOS DE TABERNA** polos bares participantes no Vivemar Petisco con cantada comunitaria na Praza Maior do Concello do que xa é o **Himno do Vivemar, CATRO VELLAS MARIÑEIROS**

SÁBADO 29 de SETEMBRO DÍA DE FESTIVIDADE DO VIVEMAR

O día no que as familias vivan experiencias de achegamento ao mar polas rúas onde transita o recén chamado **CAMIÑO DO MAR**, que se bifurca exactamente no Complexo Histórico de Santa María.

- MERCADO DE ALIMENTACIÓN, DE CONSERVA E ARTESANÍA.
- RECITAL DE POESÍA MAREIRA na coñecida como Porta do Perdón de Santa María

Coa participación de

Olalla Cociña,

Jesús Castro,

Suevia Figueiroa,

Gonzalo Pernas

Xaime Oroza

Sechu Sende

- XOGOS POPULARES DE USO PÚBLICO E FAMILIAR
- OBRADOIROS DE CREATIVIDADE da man de **Eureka Actividades**
- MERCADIÑO INFANTIL para que as nenas e nenos experimenten o que é ir de feirante
- **Anxo Moure** presentará e contará o seu libro **A MÚSICA DA AUGA**
- **Cristina Collazo** traerá en primicia un espectáculo adaptado especialmente para O Vivemar. **“AS AVENTURAS DE PEPA A LOBA NA MARIÑA”**
- Presentación do PROXECTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ para o vindeiro ano.

CARTEL coa **Historia de MARRUÁN O BARBEIRO**, que lanzou un globo de papel dende o adro de Sta. María, globo que fixo a veciñanza durante un ano.e en especial as nenas e nenos.

Así que, por qué non pensar que para o Vivemar 2019 poderíamos lanzar tod@s xunt@s o noso globo reciclado?

DOMINGO 30 de SETEMBRO

- Ciclo de CINE de TEMÁTICA MARÍTIMA e FLUVIAL nos CINES VIVEIRO

SESIÓN VERMÚCINE

12.00 horas

Arte e oficio da dorna

Dir, Vítor Galego

Cadernas da Historia Producións

Documental

Duración 24 minutos

Apta para todos os públicos

Sinopse:

A sabiduría que atesouran os carpinteiros de ribeira amósase neste documental nunha dobre perspectiva: a construción dunha dorna e a navegación e pesca cunha modesta embarcación que resultou ser unha impresionante obra de enxeñería popular.

12.30 horas

Traíñas

Dir, Vítor Galego

Cadernas da Historia Producións

Documental

Duración 30 minutos

Apta para todos os públicos

Sinopse:

Antiga embarcación que deu paso no século XVIII á produción pesqueira industrializada, polos fomentadores cataláns... Agora resgatada para usos deportivos, a traíña ten neste documental unha reflexión triple: a pesqueira, a tipoloxía de embarcación a remos e a deportiva que tanta afección move dende A Guardia ata o golfo de Viscaia.

SESIÓN DE TARDE

18:00 horas

Douro Faina Fluivial

Dir, Manoel de Oliveira

Filmoteca de Portugal

Documentario ficcional, 1931
Duración 20 minutos
Non aconsellable para menores de trece anos

Sinopse:

Ópera prima do realizador portugués Manoel de Oliveira. Fermosísimo documentario das luces e sombras do río Douro ao seu paso pola cidade do Porto. O negro e branco, e a cinematografía aínda exenta de son, fai desta obra unha das máis sólidas propostas do cinema realista europeo de entre as dúas grandes guerras.

Apta para todos os públicos

19.00 horas

Aillados

Dir, Antonio Caeiros
Buxo Producións
Documental
Duración 70 minutos

Sinopse:

En 1936, o antigo lazareto da Illa de San Simón dá paso a un campo de concentración onde se amorean, en penosas condicións, ata dous mil presos políticos. As emocións, os silenciaos e as voces dalgúns dos protagonistas desta historia que é memoria e testemuño da infamia cometida polos que xuraran defender a lei que acataran....

Apta para todos os públicos


Ademais do contido anterior xa estamos a preparar **DUAS COLABORACIÓNS
MOI ESPECIAIS**

- COA FUNDACIÓN TIC e financiado pola DEPUTACIÓN DE LUGO

**CREACIÓN DE DOCUMENTAL DA MEMORIA DO PATRIMONIO PERSOAL MARIÑO.
PACO ALONSO DE 94 ANOS**

Patrones que hacen grande a un pueblo

Antón da Amora es el padre espiritual de la flota palangrera de Gran Sol y Paco Alonso es el artífice del palangre de superficie en el norte



- CO PROGRAMA DE TELEVISIÓN VIVIR O MAR da TVG para ACCIÓN DE DIVULGACIÓN